

PRESENTACIÓN

Presentamos hoxe o cuarto volume de *A ESTRADA, miscelánea histórica e cultural*, dedicado á figura de don **Mario Blanco Fuentes** (1917-2000), Patrono do Museo, colaborador habitual desta publicación e conselleiro de cantas persoas se achegaban ó seu carón na procura de información sobre a historia da Estrada, que el coñecía coma ninguén.

"Non se pode amar o que non se coñece", afirmaba con frecuencia este persoero estradense e, consecuente con aquela máxima que el converteu en divisa, dedicou unha parte importante da súa vida a esta súa e nosa terra das cincuenta e unha parroquias a quen legou, a través do Museo Manuel Reimóndez Portela, o ben que máis apreciaba: o seu Arquivo, ateigado de información e testemuños da historia recente de Galicia e do Municipio da Estrada, do que foi alcalde e onde exerceu como mestre e avogado.

Este fondo documental, hoxe en día en proceso de catalogación, será posto a disposición dos estudiosos e investigadores a partir do ano 2002 nas instalacións que o Museo habilitará para tal fin.

O Patronato do Museo, que no seu momento solicitou ó Excmo. Concello da Estrada a denominación "**Mario Blanco Fuentes**" para a Biblioteca municipal, que leva xa o seu nome, quere hoxe, a través destas páxinas, render unha homenaxe de admiración e afecto a un home que forma parte da memoria colectiva dos estradenses.

Ofrecemos neste número, en primeiro lugar, un traballo de investigación sobre o topónimo *A Estrada* do que é autor un antigo veciño e sempre amigo destas terras, Fernando Cabeza Quiles, que esclarece no seu estudio a orixe e formación daquel nome. Séguelle un relato fotobiográfico sobre a figura de Mario Blanco Fuentes elaborado polo seu fillo Xoán Blanco Valdés quen, a través dunha escolma fotográfica, apoiada nuns textos breves e significativos, percorre o itinerario vital daquel a quen se dedica este libro.

Xoán Andrés Fernández Castro, coordinador desta publicación, presenta un estudio demográfico da parroquia de Guimarei entre os anos 1700 e 1850. Ofrecemos tamén neste volume a publicación póstuma dun interesante traballo do médico e polígrafo Manuel Reimóndez Portela; trátase do seu estudio *Medicina popular en tierras de Taboirós*, donde se constatan os profundos coñecementos do autor nos eidos da cultura popular e da medicina.

O falecemento en terras lonxanas do poeta estradense Cabada Vázquez e o seu posterior traslado *post mortem* desde Linares (Jaén) deixa a parroquia de Codeseda (A Estrada), deu lugar a unha ampla serie de artigos na prensa rexional; neste traballo elaborado por Mario Blanco Fuentes e Xoán Andrés Fernández ofrécese unha selección das noticias de prensa relacionadas con aquel acontecemento no que tivo un especial protagonismo don Xosé Fernández Caramés, (o mesmo que anos atrás sufragara a reedición bonaerense de *Contiños da terra*, de Manuel García Barros), emigrante e mecenas que merece ser mellor coñecido; neste sentido, o

Comité de Redacción nomeou xa un equipo de investigación encargado de establecer as liñas básicas da biografía daquel persoero estradense.

Pepa Rey Castiñeiras e Manuel Rodríguez Calviño son os autores dun estudio que rescata dos fondos do Museo do Pobo Galego unha serie de pezas arqueolóxicas dos castros estradenses procedentes das coleccións de Antonio Fraguas e Bouza Brey. Cómpre salientar a inclusión neste traballo dunha interesante carta autógrafa de Manuel García Barros a Fermín Bouza Brey encontrada polos autores envolvendo unha peza prehistórica.

Séguelle unha colaboración fotográfico-literaria da autoría de Pilar Gaspar, fotógrafa, con textos do escritor de Ouzande Manuel Pereira, donde se recrea a imaxe do cotiá. Olimpio Arca, pola súa parte, aporta a este volume un apunte biográfico sobre *Márgara* alias literario de María Luisa Armadáns García, estradense atípica e inconformista, que nos legou unha breve pero interesante obra literaria da que o autor deste estudio nos ofrece unha mostra.

E cérrase este número cun estudio de Ángel Miramontes, xeógrafo colaborador de A ESTRADA, cunha coidadosa análise da relación entre poboación e territorio deste término municipal.

Só nos resta expresar a nosa gratitudade a cada un dos investigadores que colaboraron neste cuarto volume poñendo o seu tempo e capacidade investigadora ó servicio do mellor coñecemento da historia da Estrada, terras e xentes que inspiran o noso labor. Así mesmo agradecemos ó Excmo. Concello da Estrada, a través da súa Concellalía de Cultura, o apoio institucional e económico que fai posible esta publicación.

O Comité de Redacción